

RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE FACENDA

ASUNTO:CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE O ESTABLECEMENTO DE PRESTACIONS PATRIMONIAIS PÚBLICAS DE NATUREZA NON TRIBUTARIA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE E OUTROS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS, E POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ALCANTARILLADO NO MUNICIPIO DE LALÍN, CON APRO- BACIÓN DAS CORRESPONDENTES ORDENANZAS REGULADORA DAS PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS E DEROGACIÓN DAS VIXENTES ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DAS TAXAS POR PRÉSTACIÓN DOS MENCIONADOS SERVIZOS MUNICIPAIS

Expte 4765/2020

Visto o informe da Tesourería municipal de 14 de decembro que se transcribe :

INFORME-PROPOSTA DA TESOURERÍA MUNICIPAL

ASUNTO:CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE O ESTABLECEMENTO DE PRESTACIONS PATRIMONIAIS PÚBLICAS DE NATUREZA NON TRIBUTARIA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE E OUTROS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS, E POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ALCANTARILLADO NO MUNICIPIO DE LALÍN, CON APRO- BACIÓN DAS CORRESPONDENTES ORDENANZAS REGULADORA DAS PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS E DEROGACIÓN DAS VIXENTES ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DAS TAXAS POR PRÉSTACIÓN DOS MENCIONADOS SERVIZOS MUNICIPAIS

1. ANTECEDENTES

A Disposición adicional cuadraxésima terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector público (en adiante, LCSP), establece que as contraprestacions económicas establecidas coactivamente que se perciban pola explotación de obras públicas ou a prestación de servizos públicos, de forma directa mediante personificación privada ou xestión indirecta, terán a condición de presta-cions patrimoniais de carácter público non tributario conforme ao previsto no artigo 31.3 da Constitución, precisando que, en concreto, terán tal consideración aquelas esixidas pola explotación de obras ou a prestación de servizos, en réxime de concesión, mediante sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariais, sociedades de capital íntegramente público e demais fórmulas de dereito privado.

Como consecuencia diso, a Disposición final undécima modifica a Disposición adicional primeira da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria, establecendo unha regulación das prestacións patrimoniais de carácter público.

Pola súa banda, a Disposición final duodécima modifica o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, incorporando un novo apartado 6 ao artigo 20, referido ás contraprestacions económicas establecidas coactivamente que se perciban pola prestación de determinados servizos públicos realizada de forma directa mediante personificación privada ou mediante xestión indirecta,



outorgando a tales contraprestacions a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario conforme ao previsto no artigo 31.3 da Constitución.

Na súa consecuencia, o Concello de Lalín, vista a necesidade de modificación das Ordenanzas reguladoras das prestacións polo servizo de de subministro de auga e alcantarillado e a necesidade da nova contratación dos servizos mencionados como consecuencia da finalización da concesión actual , **iniciou expediente , con data de 14 de decembro ultimo , para o establecemento e a regulación, mediante Ordenanza, das prestacións patrimoniais públicas de natureza non tributaria exixibles aos usuarios pola prestación dos servizos de subministro de auga potable e sumidoiros e outros complementarios do ciclo da auga , no Concello de Lalín**, o que implicará a derogación das seguintes Ordenanzas Fiscais en vigor:

a) A **Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas por servizos de distribución de auga , gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas , cand ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais.**

b) A **Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa de rede de sumidoiros**

Como consecuencia do acordo do Pleno de 24 de setembro de 2021 de aprobación inicial da estrutura de custes estudio de viabilidade económico financeira para a aprobación do contrato denominado "XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AGUAS RESIDUAIS DO CONCELLO DE LALÍN" (Expte. 3785/2021) faise necesario adecuar as tarifas exixibles ós usuarios do servizo, ó contido do novo contrato de concesión. Con esa finalidade se establecen unhas novas tarifas exixibles no momento de inicio da execución do novo contrato .

Esas tarifas toman como referencia o documento "DEFINICION DE NUEVAS TARIFAS DEL SERVICIO DEL CICLO INTEGRAL DEL AGUA DEL CONCELLO DE LALÍN ADAPTADO A CONSUMO REAL " de 17 de febreiro de 2021 e **se manteñe o previsto nas tarifas vixentes no que se refire as altas no servizo e as acometidas do subministro de auga sen licenzia municipal .**

2. CONSULTA PÚBLICA

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante, LPACAP), que regula a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de Lei e regulamentos, **procede abrir un periodo de consulta pública, de cinco días hábiles dende o día seguinte á exposición na páxina web do Concello**, durante o que se require a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados polas futuras Ordenanzas reguladoras das prestacións patrimoniais públicas de carácter non tributario, acerca de:

1. Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
2. A necesidade e oportunidade da súa aprobación.



3. Os obxectivos da norma..
4. As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Para ese efecto, tense en conta o seguinte:

a) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa

Tal como consta en Providencia de Alcaldía de 18 de setembro de 2018:

Xa que logo, o abastecemento de auga potable, alcantarillado e depuración de augas residuais do Concello de Lalín é competencia deste Concello e un servizo básico e tamén esencial en tódolos Concellos.

O actual contrato suscrito o 1 de setembro de 1998 remata o próximo 30 de setembro de 2018.

O Concello denunciou o dito contrato o 16 de agosto de 2017.

Resulta por tanto necesario proceder a unha nova licitación dos ditos servizos

Polo que o primeiro problema que se pretende solucionar é o de establecer o réxime xurídico dos ingresos que deban efectuar os usuarios dos servizos vinculados ó ciclo da auga de competencia municipal e que serán obxecto dunha nova concesión.

En segundo lugar, preténdese adaptar as contraprestacións que se perciban dos usuarios pola prestación dos servizos de subministro de auga potable e outros servizos complementarios, e pola prestación dos servizos de sumidoiros, que teñen actualmente natureza de taxas municipais, e, xa que logo, carácter tributario, ás exixencias legais expostas nos anteriores **ANTECEDENTES**, que establecen que ditas contraprestacións deben adoptar a natureza de prestacións patrimoniais públicas de carácter non tributario.

b) Necesidade e oportunidade de a súa aprobación

A finalización do “CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA LA GESTIÓN INTEGRAL DEL SERVICIO DE ABASTECIMIENTO DE AGUA POTABLE, ALCANTARILLADO Y DEPURACIÓN DE AGUAS RESIDUALES DEL MUNICIPIO DE LALÍN “ o 30 de setembro de 2018 fai imprescindible a regularización dises servizos , no seu caso, mediante unha nova concesión da que é imprescindible a regulación dos ingresos que fagan os usuarios.

Por outro lado faise imprescindible o cambio da natureza xurídica de tales contraprestacións dos usuarios , o que responde a unha esixencia legal contida na nova LCSP –en vigor desde o día 9 de marzo de 2018–, o que xustifica a súa necesidade e oportunidade.



c) Obxectivos de a norma

Os obxectivos que se perseguen coas novas Ordenanzas reguladoras das Prestacións Patrimoniais Públicas de carácter non tributario pola prestación dos servizos de DE ABASTECIMIENTO DE AGUA POTABLE, ALCANTARILLADO Y DEPURACIÓN DE AGUAS RESIDUALES, que substituirán ás Ordenanzas Fiscais reguladoras das Taxas actualmente en vigor, é a regulación de tales con- traprestaciones con arranxo ás novas esixencias legais.

d) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

Non se contemplan solucións alternativas regulatorias diferentes ao preceptivo mandato legal de aprobación das Ordenanzas reguladoras das prestacións patrimoniais públicas de natureza non tributaria pola prestación dos servizos DE ABASTECIMIENTO DE AGUA POTABLE, ALCANTARILLADO Y DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

Tampouco se contemplan solucións non regulatorias.

Finalmente, faise constar que a presente consulta pública non substitúe, en ningún caso, á preceptiva aprobación inicial das Ordenanzas cuxo trámite agora iníciase, nin ao posterior trámite de alegacións ás mesmas, nin á súa aprobación final previa resolución das alegacións que se poidan presentar contra aquelas, procedemento este regulado no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

SE PROPOÑE :

1. Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren, poderán facer chegar as súas opinións sobre os aspectos suscitados nesta consulta pública, **ata as 14,00 horas do quinto día hábil seguinte ó de publicación no portal web do Concello de Lalín** á seguinte dirección de correo electrónico: participacionauga@lalin.gal
2. Se dará publicidade no portal web do Concello de Lalín ó acordo de CONSULTA PÚBLICA e ós documentos adxuntos seguintes :
 - **A Ordenanza Fiscal vixente ,prevista a 1 de xaneiro de 2022, reguladora das Taxas por servizos de distribución de auga , gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os**



dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas , cand dittos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais.

- **A Ordenanza Fiscal vixente ,prevista a 1 de xaneiro de 2022, reguladora da Taxa de rede de sumidoiros.**
- **Proposta da Alcaldía ó Pleno de aprobación inicial da estrutura de costes do contrato denominado “ Concesión do Servizo Público de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Lalín” e de aprobación inicial do estudo de viabilidade económico-financeira.**
- **Documento denominado de “Definición de novas tarifas del servicio del Ciclo Integral del Agua del Concello de Lalín adaptado a consumo real”**

RESOLVO

1. Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren, poderán facer chegar as súas opinións sobre os aspectos suscitados nesta consulta pública, **ata as 14,00 horas do quinto día hábil seguinte ó de publicación no portal web do Concello de Lalín** á seguinte dirección de correo electrónico: participacionauga@lalin.gal
2. Se dará publicidade no portal web do Concello de Lalín ó acordo de CONSULTA PÚBLICA e ós documentos adxuntos seguintes:
 - **A Ordenanza Fiscal vixente ,prevista a 1 de xaneiro de 2022, reguladora das Taxas por servizos de distribución de auga , gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas , cand dittos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais.**
 - **A Ordenanza Fiscal vixente ,prevista a 1 de xaneiro de 2022, reguladora da Taxa de rede de sumidoiros.**
 - **Proposta da Alcaldía ó Pleno de aprobación inicial da estrutura de costes do contrato denominado “ Concesión do Servizo Público de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Lalín” e de aprobación inicial do estudo de viabilidade económico-financeira.**
 - **Documento denominado de “Definición de novas tarifas del servicio del Ciclo Integral del Agua del Concello de Lalín adaptado a consumo real”**

A Concelleira delegada de Facenda

O Secretario



municipal

DOCUMENTO FIRMADO ELECTRÓNICAMENTE

